CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

exp. 2018/G010/000001

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O TRINTA E UN DE XANEIRO DE 2018.

NÚM. 01/2018

SRES/RAS ASISTENTES **PRESIDENTE** D. Abrahan Gerpe Muñiz **CONCELLEIROS** Dª Laura Mariño Taibo D. Amancio Lavandeira Suárez Dª Laura Tasende Cancela Dª Mª Dolores Taibo Lavandeira D. Manuel Andrés Díaz Abeledo Da. Verónica Facal Rodríguez D. Antonio Pensado Plágaro Dª Clarisa Couto Castro D. Luis Souto Gómez D. Emilio Fondo Novo **NON ASISTEN** D. Juan García Velo Dª María Ángeles Gema Eiroa Villar Marta Marín Gracia (interventora) **SECRETARIA** Dª Mª del Carmen Seoane Bouzas	No salón de Plenos da Casa Consistorial de Coristanco, sendo as 20:00 horas do día 31 de xaneiro de 2018, baixo a presidencia do Alcalde, D. Abrahan Gerpe Muñiz, e asistido pola secretaria da Corporación, Dª Mª del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnense os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 29.11.2017 e 20.12.2017.

O Sr. Alcalde manifesta que quere desculpar a Juan García Velo e a Maruja, que por motivos familiares non poden asistir.

Pola Presidencia pregúntase aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións celebradas o 29.11.2017 e 20.12.2017.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

Non habendo observacións, quedan aprobadas as actas das devanditas sesións, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 24 DE NOVEMBRO DE 2017 (NÚM. 872) ATA O 18 DE XANEIRO DE 2018 (NÚM. 17).

Consta no expediente unha dilixencia de secretaría do 26.01.2018 que sinala:

"DILIXENCIA SOBRE O FICHEIRO XERADO POLA APLICACIÓN INFORMÁTICA SIGEM SOBRE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PARA DAR CONTA NO VINDEIRO PLENO ORDINARIO 31.01.2018.

Dilixencia que se estende para facer constar que vense advertindo por esta funcionaria sobre o procedemento a seguir, as función reservadas a secretaría e a correcta tramitación dos expedientes en numerosos escritos e informes e, dende a incorporación do equipo de goberno resultante da moción de censura, no escrito de 25.09.2017, e nos informes xurídicos do 28.09.2017, 25.10.2017 e 22.11.2017, etc. Xerado o arquivo pdf na aplicación sigem de cara á dación de conta dos decretos de alcaldía no punto da orde do día do vindeiro pleno ordinario, obsérvase que as numeradas da seguinte maneira polo programa teñen únicamente a sinatura do alcalde accidental:

- *A 873/2017.*
- *Da 876/2017 á 889/2017.*
- *A 891/2017.*
- *Da 893/2017 á 908/2017.*
- *Da 910/2017 á 913/2017.*
- *Da 916/2017 á 918/2017.*
- *Da 920/2017 á 938/2017.*
- *Da 940/2017 á 966/2017.*
- *Da 968/2017 á 977/2017.*
- *Da 979/2017 á 988/2017.*
- *Da 1/2018 á 16/2018.*

De maneira que ao non darse o trámite previo a esta funcionaria nin remitirse á sinatura incúmprese novamente a normativa, resultando, ademáis, que o acto administrativo non se produce ao non axustarse aos requisitos e ao procedemento establecido e carecer dunha das sinaturas que debe reunir a resolución, a da secretaria. Debéndose proceder urxentemente á tramitación dos expedientes conforme ao sinalado nos informes xurídicos e sendo imprescindible advertir, unha vez máis, que ditas actuacións poden dar lugar ás responsabilidades sinaladas nas seguintes normas:

Artigo 404, da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, sinala:

"A la autoridad o funcionario público que, a sabiendas de su injusticia, dictare una resolución arbitraria en un asunto administrativo se le castigará con la pena de inhabilitación especial para empleo o cargo público por tiempo de siete a diez años".
Artigo 78 Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

"1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo.
Las responsabilidades se exigirán ante los Tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.
2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubiesen votado favorablemente.
3. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembros cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquélla.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

4. Los Presidentes de las Corporaciones locales podrán sancionar con multa a los miembros de las mismas, por falta no justificada de asistencia a las sesiones o incumplimiento reiterado de sus obligaciones, en los términos que determine la Ley de la Comunidad Autónoma, y supletoriamente, la del Estado".

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local:

"Artículo 60.
Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder".

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais:

"Artículo 225.
1. Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo, culpa o negligencia graves, hubieren causado daños y perjuicios a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.
2. El declarado responsable por la Administración podrá interponer el correspondiente recurso contencioso-administrativo".

Artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:
"Artículo 36 Exigencia de la responsabilidad patrimonial de las autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas
***1.** Para hacer efectiva la responsabilidad patrimonial a que se refiere esta Ley, los particulares exigirán directamente a la Administración Pública correspondiente las indemnizaciones por los daños y perjuicios causados por las autoridades y personal a su servicio.*
***2.** La Administración correspondiente, cuando hubiere indemnizado a los lesionados, exigirá de oficio en vía administrativa de sus autoridades y demás personal a su servicio la responsabilidad en que hubieran incurrido por dolo, o culpa o negligencia graves, previa instrucción del correspondiente procedimiento.*
Para la exigencia de dicha responsabilidad y, en su caso, para su cuantificación, se ponderarán, entre otros, los siguientes criterios: el resultado dañoso producido, el grado de culpabilidad, la responsabilidad profesional del personal al servicio de las Administraciones públicas y su relación con la producción del resultado dañoso.
***3.** Asimismo, la Administración instruirá igual procedimiento a las autoridades y demás personal a su servicio por los daños y perjuicios causados en sus bienes o derechos cuando hubiera concurrido dolo, o culpa o negligencia graves.*
***4.** El procedimiento para la exigencia de la responsabilidad al que se refieren los apartados 2 y 3, se sustanciará conforme a lo dispuesto en la Ley de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas y se iniciará por acuerdo del órgano competente que se notificará a los interesados y que constará, al menos, de los siguientes trámites:*
***a)** Alegaciones durante un plazo de quince días.*
***b)** Práctica de las pruebas admitidas y cualesquiera otras que el órgano competente estime oportunas durante un plazo de quince días.*
***c)** Audiencia durante un plazo de diez días.*
***d)** Formulación de la propuesta de resolución en un plazo de cinco días a contar desde la finalización del trámite de audiencia.*
***e)** Resolución por el órgano competente en el plazo de cinco días.*
***5.** La resolución declaratoria de responsabilidad pondrá fin a la vía administrativa.*
***6.** Lo dispuesto en los apartados anteriores, se entenderá sin perjuicio de pasar, si procede, el tanto de culpa a los Tribunales competentes.*

Artigo 176 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria:
"Principio general.
Las autoridades y demás personal al servicio de las entidades contempladas en el artículo 2 de esta ley que por dolo o culpa graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta ley, estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública estatal o, en su caso, a la respectiva entidad los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder"".

A Concelleira do BNG expresa que lle chama a atención varios escritos que obran no expediente que reflicten que o alcalde en función pretendía incluír varios asuntos no pleno sen que pasaran os trámites legais

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

correspondentes e xa se sabe que hai un procedemento, que antes de introducir os expedientes no pleno teñen que poñerse de manifesto en secretaría para que se analicen e non ordenar así porque sí que se metan os temas sen que pasen os controis xurídicos pertinentes. Pregunta se hai algo que ocultar para que a asesora xurídica do Concello non vex a eses expedientes. Sinala que igual ten que ver con algún dos temas que se citan coma cambiar a periodicidade dos plenos reducíndoos a dous meses, ou co acordo plenario do anterior goberno no que se designaba á secretaria do Concello á asesora xurídica que defendería os intereses do Concellos nos diversos xuízos, e pregunta que motivos hai detrás diso, se hai un intento de apartar á secretaria das súas funcións para poder designar a letrados que persoalmente se adapten un pouquiño mellor a determinados intereses particulares ou se son as dúas cousas. Tamén destaca que unha vez mais a maioría dos decretos van sen a sinatura da secretaria, que volve a dicir, é a asesora xurídica do Concello e a persoa que ten que dar fe que o trámite se fixo correctamente e senón advertir dos fallos e se estes non se corrixen facer os pertinentes informes ou dilixencias, evidentemente se os expedientes non chegan á secretaria non pode haber informes porque descoñece eses decretos. Pregunta por que está pasando iso, porque consultou e aínda que sexa electronicamente teñen que ir asinados polo alcalde, ou alcalde en funcións, e pola secretaria e preguntou en varios concellos dinlle que ningún alcalde ten o atrevemento ou osadía de saltarse as funcións do funcionarioado desa maneira. Repite que lle parece algo grave que xa se repite. Destaca os seguintes decretos que o progama asignoulles numeración:

- Número 880: liquidación por expedición dun certificado baseándose na ordenanza fiscal núm. 1. Di que non lle parece mal que se cobre pola expedición do certificado, xa que require un traballo, pero si se vai cobrar a todo o mundo, e se vai a aplicar a ordenanza porque hai documentos que ata ese momento non se estaban cobrando.

- Números 914 e 915, que son sobre a designación de avogados e dúas causas xudiciais que ten abertas o Concello e noméanse a dedo por que non hai ningún tipo de procedemento para esa contratación e pregunta que intereses hai para desfacer un acordo plenario e desfacer este tipo de nomeamentos a dedo que costan cartos a este Concello.

- Números 918 e 933: sobre modificación de créditos nas partidas de persoal. Pregunta por que se fixeron as modificacións porque dise que é para pagar asistencias a cursos en funcionariado, pero estas non chegan a 3.000 € e as modificacións que se fan son de 40.000 € e 70.000 €, polo que lle gustaría saber por que se están a facer esas modificacións.

- Número 919: productividade para un departamento concreto e le textualmente "valorado o esforzo e adicación e pregunta se so esas funcionarias teñen esforzo e adicación e o resto de traballadores non o teñen, xa que iso causou un pouquiño de revuelo entre o persoal, e que criterios se seguen para pagar produtividades e se ten previsto haber mais pagos deste tipo.

- Número 936: aprobación salarial do Alcalde oficial, do mes de novembro, ao que lle da a benvida. Se segue advertindo pola interventora sobre o pronunciamento do pleno sobre a compatibilidade e parece que iso non se quere levar a pleno e di que lle chama a atención que conste como causa da incapacidade accidente laboral e non sabe se se trata dun erro e como pode ser que un accidente que ten lugar un sábado, fóra do horario laboral conste como accidente laboral. Ademais di que estaría ben saber se entrou o 25 de agosto, data da moción de censura, con adicación exclusiva e, polo tanto mentiu no pleno, o se solicitou con posterioridade e con efectos retroactivos, xa que aparecen en decretos pasados salarios dende o día 25.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

- Número 986: factura de organización polo servizo da festa da pataca por importe de 21.574 €, xogando coas cantidades ata o extremo, para que se puidera tramitar como contrato menor. Pregunta en que se gastaron exactamente eses euros porque non lle dan as cifras, xa que por un lado se se contrata a organización da festa da pataca e por outro seguen aparecendo facturas de subministros de comida e demais. Sinala que esa empresa consta rexistrada con actividade de compravenda de bens inmobiliarios.

- Números 893, 956 e 976: facturas relativas ás actividades dos últimos meses. O que mais lle chamou a atención entre moitas cousas foi o abultado número de facturas de un único empresario, que xa se dicía que había un que parecía traballador do concello porque está todos os días e lle sae mais a conta facturar porque en dous meses entre reparación de badéns, recollidas de lixo e limpezas dos camiños, a cifra ascende a máis de 10.00 €, que hai xente que non o cobra en todo o ano. Recorda, coma xa saíu en algún pleno, que estaría ben saber se ese empresario ten os permisos necesarios como xestor de residuos para proceder á limpeza dos camiños e recollida de lixo.

O Sr. Alcalde pregunta a TeGa e toma a palabra o Sr. Lavandeira, dicindo o Sr. Alcalde que lle desculpe que o portavoz, que el saiba, é Laura Tasende.

Toma a palabra a Sra. Tasende que di, que como se viña facendo nos últimos plenos, dado que é o seu compañeiro quen coñece eses temas mais directamente lle cede a palabra.

O Sr. Alcalde dille que non llo permite, porque é ela a representante do seu grupo e ten que facer honor ao nome de portavoz, e pode solicitar o cambio de portavoz, coma marca o ROF.

A Sra. Tasende manifesta que en todo caso atópase un pouquiño indisposta entón pide ausentarse, e lle pregunta se lle escusa a súa presencia.

O Sr. Alcalde pregúntalle que terá un portavoz suplente.

A concelleira di que si.

O Sr. Alcalde pregúntalle que é o seu compañeiro Amancio Lavandeira.

O Sr. Alcalde pregúntalle á secretaria que no ROF cando se nomeou o portavoz se nomeou a Amancio Lavandeira segundo portavoz.

A secretaria manifesta que o descoñece, que ela non estaba nese momento.

O Sr. Alcalde dille á concelleira que ante a dúbida, aínda que non a ve indisposta para estar no pleno.

A Sra. Tasende di que se atopa mal, que ten o estómago bastante revolto, a verdade, e pide desculpas aos veciños e abandona o salón de pleno ás 20 horas e 11 minutos.

O Sr. Lavandeira expresa que é sorprendente que non se lle poda ceder a palabra a outra persoa.

Interrompe o Sr. Alcalde para dicir que se pode pero polo mecanismo legal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

Continúa o Sr. Lavandeira dirixíndose ao Sr. Alcalde para dicirlle que é bastante sorprendente as maneiras que ten de empezar a dirixir un pleno e toma o relevo da voceira e sen ánimo de volver a repetir o que dixo Laura, que comparte todas a súas palabras, lle preocupa ese decretos sen pasar polos servizos xurídicos. Entende que posiblemente houbera unha consulta á dirección xeral e se imaxina que esta se pronunciaría ao respecto, polo que lle gustaría que lles informase sobre ese pronunciamento. Aparte deses decretos sinala:

- Número 904:: baixa por anulación de dereitos de cobro de impostos, en torno a uns 15.000 €. Pregunta se hai un informe ao respecto desa xente que se lle deu de baixa e aclarase o motivo que causou esas baixas e o informe, se existe, que di ao respecto.

- Número 928: pago de facturas de desprazamento. Di que loxicamente o que emprega o seu coche débeselle aboar o desprazamento, pero existe un pago de axudas de custo, que non especifica a quen se lle dan esas axudas por ese desprazamento e é interesante que expoña cal é o problema.

- Número 936: como ten unha pregunta ao respecto igual nese apartado o pode aclarar e ampliar, que fala sobre a nómina do Sr. Alcalde, que se se colle a hemeroteca e se atende ás manifestacións do Sr. Alcalde durante este tempo, perece que depende do día co que se levante fai a súa manifestación, seriedade vese que non debe ter moita, pero vese que ía doar unha cantidade de diñeiro e tampouco aparece por ningunha parte doado ás arcas do concello, polo que pídelle que aclare se realmente cobrou, se non, como cobrou, cando comezou a cobrar.

- Facturas a un autónomo que é un McGiver, xa que igual pon e leva grifos, bolsas para o lixo, que pon unhas chaves, que limpa os badéns dunha parroquia, que fai unha rampa, que retira ramas dunha pista, que pon tubos de saneamento, que pinta, que coloca e desmaleza. Di que lle gustaría saber o epígrafe polo cal cotiza esa persoa, que o debería de solicitar, e se o fai por todo iso, xa que van sendo gastos de 2.000 ou 3.000 €, dependendo do mes e se non hai moito vento. Sinala que é importante porque se é outro traballador do Concello habería que poñelo en nómina porque vai saír mais barato.

- Decretos de pagos a unha empresa para facer informes urbanísticos, pero como tamén teñen unha pregunta ao respecto, despois entran mais en profundidade acerca diso.

- Facturas páxina web: di que a pesar de ter unha persoa que de adica de forma exclusiva ás novas tecnoloxías se segue tendo unha empresa para que siga levando a páxina web do concello, que figura en varios decretos, en concreto o 960.

- Número 962: sobre o desmonte e desvío de camiño en Centiña, xa que unha veciña ten problemas motivados polo desvío que fixo o anterior goberno do PP e o concello fixo un muro e un desmonte e un desvío dun camiño público que tiña que haber ido ao pleno e non foi aprobado. Pregunta como foi ese expediente porque as multas se están pagando de forma regular, en concreto se se solucionou o asunto con Augas de Galicia.

- Número 977: sobre os xuros de mora de un empresario dende o 30 de setembro de 2013, 1.253 € por intereses de non haberlle pagado facturas e hai outros decretos nos que se fala da compensación dos impostos que ese empresario debía ao Concello e quería saber se existe un informe ou acordo onde tamén se lle reclamen os intereses de aqueles recibos atrasados que ese empresario debía ao Concello.

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

- Número 988: sobre a prórroga dos orzamentos. Sinala que existe un informe da interventora que tampouco lles amosan e lle gustaría saber que é o que di e que como levan tamén unha pregunta sobre o asunto despois ampliará ese apartado.

A concelleira Verónica Rodríguez expresa que vai destacar dúas cousas:

- Entre os decretos 893 e 956 hai catro facturas que se corresponden á construción dun tramos de aceira en San Paio que deben ser, a ollo, 3 metros de largo por 1,50 de ancho e hai tres facturas de materiais de aproximadamente 250,60 € e di que aproximadamente porque nunha delas hai mais obras que esa e lle chama a atención que hai unha factura dun empresario que cobra a man de obra de 1.270,50 €, porque os mariais xa están facturados, de un día por botar un pouco de formigón.

- Número 970: aprobación certificacións e facturas obra mellora capa de rodadura en camiños rurais en Cereo, Seavia e Couso e mellora traída en Erbecedo. Di que lle sorprende que se aprobaran esas certificacións no estado en que quedaron as obras, cando se dixo no pleno que ía esixir que se fixeran as cousas ben e lle entra a dúbida que se entende no concello por facer as cousas ben, que igual é ela que non distingue entre facelo ben ou facelo mal..

O Sr. Alcalde di que vai intentar responder, xa que hai moitas que non vai poder porque lle faltan datos, xa que se incorporou o día anterior e se quere axudarlle o tenente alcalde, sen ningún problema. Di que comeza respostándolle á concelleira Laura Mariño, que foi a primeira en falar, expresando que sobre os decretos respostaralle no seguinte pleno, porque os descoñece. Sobre os escritos di que se solicitou polo seu compañeiro Antonio cambiar a periodicidade dos plenos e cre recordar que cando se fixeran os plenos unha vez ao mes era porque había demasiados asuntos en Coristanco que tratar e se necesitaban moitos plenos, en contra da lexislación, porque é cada dous meses e pasaron dous anos e cre que non ía ningún asunto a pleno e supón que por iso querería cambialo, pero está Antonio que pode puntualizar. En relación aos papeis que se ven ao principio di que chama atención porque está o tenente alcalde solicitando modificar o pleno, designar os órganos colexiados e está unha contestación da secretaria e despois está outra contestación reiterando a solicitude do alcalde en funcións e despois está outra contestación da secretaria e basicamente un di que quere facer unha cousa e o outro di que non se pode facer así e entende que é unha falta de comunicación, por iso se fai todo por escrito e entende que ese non é o proceder de traballar nun concello pequeno, todo por escrito, cre que o ideal é falar de forma oral e poder resolvelo de forma normal e intentará nos vindeiros días saber por que se fai así e intentar darlle unha solución. No referido a ocultar temas e letrados di que hai outra providencia do tenente alcalde que fala de que debido á cantidade de traballo que ten a secretaria entende que non debe, e a continuación le o seguinte escrito do 04.01.2018 asinado por Antonio Pensado Plágaro:

"Á vista das distintas intervencións que levou a cabo a secretaria municipal como letrada do Concello de Coristanco en diversos procesos xudiciais.
Á vista do traballo pendente de realizar por parte do departamento de secretaría e en aras de evitar sobrecargalo con labores que se poden levar a cabo por profesionais externos.
ACÓRDASE
Que por parte da secretaria municipal se deixe de representar ao Concello de Coristanco nos procesos xudiciais pendentes e futuros, e se encargue esa labor a profesionais da avogacía externos".

Dirixíndose á concelleira do BNG en relación a que é moi duro cambiar o acordo, expresa que son sete votos o que leva cambiar o acordo plenario e se se acordou antes pode acordarse noutro sentido, cre que todo o que sexa en aras de mellorar o funcionamento do Concello é benvido e terá que falar co tenente alcalde para saber en concepto de que se fixo iso. Expresa que coincide o BNG coa pregunta de Amancio que dicía que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

estaba sorprendido das dilixencias dos decretos sen pasar por secretaría e di "a min tamén me sorprendía eso na súa época, porque resulta que tamén pasaba eso, non pasaban os decretos por secretaría e hai moitos decretos que foron quitados do expediente por non estar firmados polas dúas partes e tamén, recordar que en 35 ayuntamientos gallegos xa a secretaria non firma co alcalde desde que hai administración electrónica. Eu entondo o que lle explicaron a usted, pero a min na Deputación, por ejemplo, explicáronme unha cousa totalmente distinta, entonces entendo que non sei que técnicos explican dunha maneira ou doutra, desde que hai administración electrónica parece ser que é así, eu desconozco, xa digo. Eso terei que miralo mellor. Seguindo, o de ver por que non se mandan os informes a secretaría, desconozco, non o sei, eso tamén o mirarei". Respecto ás preguntas de decretos contestará na seguinte sesión porque os descoñece e despois lle cede a palabra ao compañeiro e que conteste os que considere oportunos. Lle di a Verónica que investigará o plantexado e que sucede coas certificacións de obras se segundo o seu criterio non están ben, xa que pode haber erros administrativos. En relación á súa incompatibilidade expresa que non ten ningunha incompatibilidade, polo que non entende a pregunta e o horario de alcalde non é de 8 a 3.

Intervén a concelleira do BNG para expresar que se hai un accidente laboral haberá que xustificar se se estaba asistindo a unha reunión un sábado á tarde e o que se estaba facendo e como se explica o segundo accidente de traballo, se estaba de baixa por incapacidade laboral.

O Sr. Alcalde dille que non hai 300 baixas, que el ten a baixa inicial do primeiro día e despois o alta e aínda pode ter 50 accidentes mais, por desgraza, e lle agradece a súa preocupación, que sempre tivo mensaxes, coma da xente, que se preocuparon polo seu estado de saúde e non ten horario, ela xa estivo traballando no Concello e sabe como funciona e iso é así. Expresa que as preguntas que lle queden sen contestar as contesta no seguinte día, se non as contesta o tenente alcalde.

A concelleira do BNG dille que o da nómina pode contestalo porque lle afecta diretamente.

O Sr. Alcalde explica que a nómina é a que está marcada por pleno e cobraba o Alcalde de Coristanco e hai un acordo plenario e de feito cando el estaba non cobraba absolutamente nada , pero despois cando colleu a baixa sucedeu que era ilegal que non estivera cobrando porque o pleno lle puxo un soldo ao Alcalde, o salario é o mesmo que o que tiña Amancio Lavandeira, aínda que despois na prensa bailouse coas cifras, 38.000 e pico euros, e comezouse a cobrar porque daríanse conta no departamento de intervención que simplemente cambiar de alcalde non implicaba cambiar o soldo, porque Amancio Lavandeira non cobraba por ser Amancio Lavandeira, senón por alcalde de Coristanco, e iso foi o que sucedeu.

A concelleira do BNG di se se ratifica en que está cobrando dende o día 25 de agosto e estaba ese día nun pleno da moción de censura estaba dicindo que non ía cobrar e ese día xa estaba cobrando.

O Sr. Alcalde recorda que dicía que mentres o Concello non estivera endebedado e resulta que cando entra no Concello, grazas a maxia de Amancio Lavandeira non había absolutamente nada de débeda.

O Sr. Lavandeira intervén para dicir moitas grazas.

O Sr. Alcalde dille que non ten a palabra.

Volve a dicir o Sr. Lavandeira moitas grazas.

O Sr. Alcalde dille que segundo aviso e que non ten a palabra.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

O Sr. Lavandeira di que moitísimas grazas.

O Sr. Alcalde dille que terceiro aviso e que polo ROF lle invita a abandonar a sala.
O Sr. Lavandeira dille que moitas grazas.

O Sr. Alcalde dille que de nada, que hai que respectar e lle pide que abandone a sala.

O Sr. Lavandeira dille que lle volverá a facer as preguntas e que aclare que estivo cobrando sen estar dado de alta na Seguridade Social e a ver como o resolve iso.

Neste momento, cando son as 20 horas e 29 minutos sae do salón de plenos D. Amancio Lavandeira Suárez e lle acompañan Dª Mª Dolores Taibo Lavandeira e D. Manuel Andrés Díaz Abeledo.

O Sr. Alcalde cédelle a palabra a o Sr. Pensado, quen di que vai contestar á compañeira Verónica en relación con esas obras e lle agradece que en voz alta fixera esa exposición desas obras e el non está de acordo coas empresas nin co director e fai mais de catro días puxo unha queixa ao servizo de intervención para que pida unha revisión desas certificacións, xa que non hai mais que ir por algunhas obras, que están á vista, como na praza enfronte da igrexa de Traba, onde o aglomerado é unha obra impresentable, e está de acordo con ela e foi mais ala e pediu unha revisión de todas esas obras.

B.- MOCIÓNS.

Non se presenta ningunha moción de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

A concelleira do BNG di que antes de nada quere expresar que lle parece o que pasou moi grave, e é sabido que ela ten mil diferencias con Amancio e TeGa pero chegar a eses límites en que por non estar de acordo se expulse a un compañeiro, incluso se lle negue a palabra, sexa ou non portavoz, xa que estando eles no goberno Juan, que era o voceiro oficial do PP, lle cedía moitas veces a palabra a Antonio e non houbo absolutamente ningún problema, exclama que que mais da. E sinala que chegar a eses límites, cando se pon en plan autoritario será porque lle ten medo do que lle vai a dicir. Di que lle parece grave, que non se levanta porque ao mellor é o que están buscando, que se levante o resto e quedar só. Di que a persoa que está de alcalde, que apoiaba unha moción de censura porque había un alcalde ditatorial, que non aprobaba a conta xeral, e que era un desastre, parece mentira que agora estea sendo peor, bastante peor.

Di que as preguntas espera que se lle contesten, non sabe se Abrahan, que igual non está ao día, ou a persoa que estivo exercendo de Alcalde, como antes que tamén lle quedou sen contestar o de unha empresa que se adica a cuestións inmobiliarias organizara a festa da pataca e algunha mais.

A concelleira do BNG da lectura ao seguinte rogo, presentado por rexistro de entrada do Concello o 31.01.2018 (NRE 406):

*"**ROGO RELATIVO Á FALTA DE RENOVACIÓN NAS DESIGNACIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

Como é sabido, os Consellos Escolares dos centros de ensino contan entre os seus membros cun/cunha representante do Concello, que debe actuar de enlace entre a comunidade educativa e o concello. A elección dos representantes municipais ten que ser aprobado en pleno.

A día de hoxe, e malia os sucesivos cambios acontecidos, os representantes do Concello nos diferentes Consellos Escolares seguen a ser membros do anterior goberno, estando vixente o decreto de xullo do 2015, xa que en ningún momento se volveu a traer a este pleno unha nova proposta de designación.

Así, por exemplo, o actual Alcalde segue a estar designado nun deses consellos escolares, cando o Alcalde non pode formar parte deles; a que foi Concelleira de Cultura, que deixou o goberno en febreiro do 2017 tamén segue a formar parte doutro consello, malia que solicitou por escrito que se procedera á súa substitución. En situación semellante están tamén outros membros desta corporación que non forman parte do goberno. É dicir, ninguén do goberno, a excepción do Alcalde (que non pode ser parte deles) forma parte dos Consellos Escolares, pero si forman parte os membros da oposición.

Certo é que a lexislación non obriga a que os representantes teñan que ser necesariamente membros do goberno, pero entendemos que non é lóxico, e moito menos nunha corporación tan "especial" como a de Coristanco, que o enlace designado entre escolas e goberno sexa un membro da oposición. O que pode parecer unha cuestión baladí, non o é, xa que só os membros designados oficialmente poden asistir ás xuntanzas convocadas polos respectivos Consellos Escolares.

Despois de solicitarllo ao anterior goberno tanto verbalmente como de maneira escrita, e vendo que o actual goberno segue o mesmo camiño e en seis meses aínda non tivo tempo para saber que concelleiros/as formarán parte dos Consellos Escolares,

ROGO que de maneira urxente que o actual goberno proceda a designar os representantes do Concello nos Consellos Escolares dos diferentes colexios".

A continuación, a concelleira do BNG plantexa as seguintes preguntas:

- A presentada por rexistro de entrada o 31.01.2018 (NRE 410):

"PREGUNTA RELATIVA Á FALTA DE COBERTURA DAS PRAZAS DA ADMINISTRATIVA DE URBANISMO E DA ANIMADORA CULTURAL

A organización do persoal do Concello de Coristanco por parte de quen goberna deixa bastante que desexar. Unha mostra desta falta de planificación e de interese é a situación na que se atopa a praza de animación sociocultural, vacante oficialmente desde xuño de 2017 pola baixa voluntaria da persoa que a ocupaba, sen que ata o día de hoxe se convocara a cobertura de dita praza, cando xa pasaron case 8 meses. Súmase ademais a circunstancia que desde a marcha da anterior concelleira de Cultura en febreiro do 2017 e á marcha da animadora cultural en xuño, a área de Cultura quedou sen ningún persoal, a pesar de que actualmente existe un concelleiro de Cultura con dedicación exclusiva que, á vista dos feitos, non ten a área de Cultura e Educación dentro das súas prioridades.

Non é esta a única praza existente sen cubrir. Outro exemplo é a falta de cobertura da praza da administrativa de Urbanismo, en permiso por maternidade desde novembro. Neste caso, ademais, non entende que non se cubrira a praza mentres dura a baixa, xa que o Concello de Coristanco conta cunha bolsa de emprego de auxiliares de administración, despois da convocatoria dunha praza a comezos do ano 2016, precisamente para cubrir unha baixa. Polo tanto, para cubrir a actual baixa da auxiliar administrativa de urbanismo, simplemente habería que proceder ao chamamento da seguinte persoa na lista. E recordemos que o departamento de Urbanismo tamén ten a praza de aparellador sen cubrir desde hai máis de un ano, polo cal, con esta baixa, quedou sen ningún persoal.

Á vista do anterior PREGUNTAMOS

- *Cando vai o actual goberno convocar a praza de animador/a cultural ou técnico de cultura e por que non o fixo ata agora?*
- *Cales son os motivos polos cales non se procedeu á cobertura da auxiliar admistrativa, sabendo con antelación que se produciría a súa baixa temporal por maternidade?".*

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

- A presentada por rexistro de entrada o 31.01.2018 (NRE 409):

*"**PREGUNTA RELATIVA Á FALTA RENDICIÓN DA CONTA XERAL 2016 E AS SÚAS CONSECUENCIAS EN MATERIA DE SUBVENCIÓNS.***

A Conta Xeral é un conxunto de documentos que cada concello ten que elaborar cada ano para informar sobre a súa situación patrimonial, gastos e ingresos e como se executou o orzamento dese ano. Trátase dun documento que hai que rendir ante o Tribunal de Contas para que proceda á súa fiscalización.

Tal e como marca o artigo 223.2 do Texto Refundido da Lei de Reguladora de Facendas Locais, os concellos teñen que ter remitida a súa Conta Xeral antes do 15 de outubro, despois de pasar por Comisión Informativa, Pleno, exposición pública e aprobación final. Nos últimos anos o Concello de Coristanco non está cumprindo con esta obriga, presentando as súas contas meses despois da data límite, coas consecuencias que isto ten á hora de solicitar e obter subvencións doutras entidades que esixen, entre os seus requisitos, que os concellos solitantes teñan rendida a súa conta xeral.

Se o ano pasado a conta foi rendida a finais de xuño, con máis de oito meses de atraso, parece que este ano, o novo goberno vai polo mesmo camiño, acumulando xa preto de 4 meses de atraso, que acabarán sendo, como mínimo, dous máis, xa que a Conta Xeral nin sequera foi presentada a comisión informativa de Facenda.

Resulta curioso este atraso cando, entre as razóns da presentación da moción de censura do pasado mes de agosto, as partes implicadas sinalaban, precisamente, a non presentación das contas e a perda de subvencións por este motivo.

Á vista do anterior, PREGUNTAMOS:

- *Cales son os motivos polos cales o Concello de Coristanco non presentou aínda a Conta Xeral de 2016?*
- *Cantos meses máis se vai tardar en traer a este pleno a Conta Xeral?*
- *Cantas e cales son as subvencións que non se poideron solicitar por este motivo?".*

- A presentada por rexistro de entrada o 31.01.2018 (NRE 408):

*"**PREGUNTA RELATIVA Á SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA CONVOCADA POLA DEPUTACIÓN E QUE O CONCELLO DE CORISTANCO NON SOLICITOU***

O 4 de xaneiro deste ano saía publicado no BOP a convocatoria da Deputación da Coruña de subvencións dirixida aos concellos para a creación ou mantemento da área de normalización lingüística. Dita subvención financiaba o 80% (cun máximo de 12.000 euros) dos custos derivados da contratación dun técnico/o, no caso deste concello, para a creación dun servizo que, a día de hoxe, teñen boa parte dos concellos da Costa da Morte.

Ademais desta, arredor do mes de maio a Xunta de Galicia saca a súa liña de axudas co mesmo obxecto, aínda que de moitísima menor contía. Polo cal, entre unha e outra subvención, o Concello de Coristanco podería contar cun servizo de Normalización que asesore ao funcionariado nesta materia e que reforce a abandonada área de Cultura e Educación, ademais de fomentar a creación dun novo posto de traballo, sen que isto supuxera un gran desembolso para as arcas municipais.

Pero o Concello de Coristanco decidiu non concorrer a esta subvención, volvendo unha vez máis, a quedar en evidencia e a ser dos poucos concellos da zona que seguen ser contar con este servizo.

Á vista do anterior, PREGUNTAMOS:

Cales son as razóns polas que o Concello de Coristanco decidiu non solicitar a subvención para a creación do Servizo de Normalización Lingüística.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 15 minutos do día 29.11.2017, do que como Secretaria dou fe e certifico, asinando este documento dixitalmente, e dando o visto bo o Alcalde accidental".

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

- A presentada por rexistro de entrada o 31.01.2018 (NRE 407), expresando que non sabe como co novo goberno do pacto PP-PSOE, que era para rescatar, está pasando esta parálise:

"PREGUNTA RELATIVA Á ORDE DE PRIORIDADES NA LICITACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS VENCELLADAS ÁS SUBVENCIÓNS DOS PLANS DA DEPUTACIÓN
No mes de xuño, trouxemos a este pleno unha pregunta na que lle manifestábamos ao que era Alcalde naquel momento, a nosa preocupación pola falta de licitación e execución das obras incluídas dentro das subvencións dos Plans da Deputación que sumaban, naquel momento, un millón douscentos mil euros, a falta de previsión e a parálise que se vivía neste concello.
Sete meses despois, e cun cambio de goberno polo medio no mes de agosto, vemos que a situación segue exactamente igual, coa única diferenza de que, coa inclusión da recente subvención do POS2018 a cantidade total de diñeiro pendente de executar sube 300.000€.
Non nos explicamos como o goberno saído daquel extrano pacto entre os que naquel momento eran concelleiros do PP e do PSOE, que viña disposto a sacar a este concello da parálise, medio ano despois, non fose capaz de sacar ningunha destas obras adiante.
A día de hoxe, as obras pendentes de licitar e executar son:
DTC93, ANO 2014

- *Acondicionamento en parque público en Santa Baia de Castro (78.698,79€).*

POS 2014

- *Rede de traída de augas na parroquia de Couso e mellora da capa de rodadura de camiños rurais en Erbecedo. (orzamento: 55.097,27€; concedido: 52.342,40€).*
- *Mellora da capa de rodadura de camiños rurais en Seavia (orzamento: 80.457, 48; concedido: 76.434,60€).*

POS 2015

- *Mellora camiños rurais en Oca, Seavia, Verdes, San Paio e Xaviña, beirrarúas na Agualada e depósito en Couso (85.164,20€).*
- *Local social en Santa Baia de Castro (94.368,07€).*
- *Local social en Cereo (92.683,64€).*
- *Rede de abastecemento de Lume de Suso (47.772,22€)*

PAS 2015

- *Pavimentación patio e da pista deportiva exterior do CPI Alcalde Xosé Pichel (90.981,01€)"*

Realiza un inciso para advertir que lle está a dicir ás nais que eso estaría feito para primaveira e hai uns prazos, e preguntando que supón que lle diría as nais que esto xa estaba presentado, continúa coa lectura:

- *"Mellora de instalacións, sistemas de cloración e de zonas lúdicas dos CEIP A Braña e Bormoio-Agualada e unitarias da Rabadeira e Oca (68.719,32€)*
- *Sendas peonís e humanización en Erbecedo, Seavia, Oca e Xaviña (132.679€)*
- *Subministro de lámparas e luminarias LED (147.480,51€)*

POS 2016

- *Mellora en camiños rurais de Erbecedo, San Paio, Ferreira, Cuns, A Agualada e Ferreira (106.391,75€)*
- *Subministro dun tractor e dúas desbrozadoras (75.020€)*
- *Subministro dunha trituradora (42.350€)*

POS 2018

- *Recollida de pluviais en Cereo e afirmado da capa de rodadura en Cereo (44.402,31€)*
- *Mellora capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cereo, Seavia, A Agualada, Castro e Traba (190.767,30€)*
- *Reposición de beirarrúas no lugar da Braña, parroquia de Erbecedo (74.566,55€)*

En definitiva, sumando as cantidades das subvencións do DTC-93 (78.698,79€), POS 2014 (135.554,75€), POS 2015 (319.988,13€), PAS 2015 (439.859,84€), POS 2016 (223.761,75€) e POS 2018 (309.736,16€) este Concello ten sen executar un total de ***1.507.599,42€*** *procedentes de subvencións da Deputación da Coruña.*
Á vista do anterior preguntamos:

- *Cales van ser as prioridades e os criterios do actual goberno á hora de escoller a orde de licitación da obras pendentes?*
- *Cal vai ser o procedemento escollido para a licitación? En aberto e de maneira pública para que poidan presentarse todas as empresas que así o queiran ou de maneira negociada ou convidando só as empresas amigas, como era práctica habitual do goberno do PP?*

Vanse publicar os procedementos de licitación no Perfil do Contratante e/ou no Portal de Transparencia ou farase como é costume, con escurantismo e sen publicidade?".

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

Expresa que a rumoroloxía que hai obras desas que xa están dadas, en concreto o local de Cereo e Santa Baia.

O Sr. Alcalde pregúntalle se a pregunta é a el ou a Antonio.

A concelleira do BNG di que nese caso a Antonio, que o Alcalde non estaba.

O Sr. Pensado expresa que non sabe como se atreve a ler cousas que ela non fixo, que debería ser mais prudente, e primeiro que non poña na súa boca o que non dixo e despois lle contestará sobre as escolas. Di que hai que ser mais serio, aínda que politicamente a concelleira do BNG igual queda moi ben, lle recorda que estivo gobernando co orzamento do 2015, que o fixera o PP, xa que non foron capaces de facer un orzamento municipal. Puntualiza que ten un erro, porque as obras en lugar de ser 1.500.000 son 1.600.000 € e as obras son as que deixaron eles orzamentadas e non foron capaces de executalas e o importante é resolver o problema e a Sr. Mariño fai uns comentarios como se fose a única concelleira que tivera a verdade. Di que se puxeron en contacto coa Deputación para ver que obras se podían recuperar e ten presentadas dúas ou tres providencias para que o persoal de forma inmediata se centre en adxudicar esas obras, porque o prazo último é o 30 de xuño do 2018 e non hai mais posibilidade de que esas obras se leven a cabo e di que lle transmite ao alcalde que se centro o persoal porque é un tema serio. Respecto á rumoroloxía dille á concelleira do BNG que é un problema dela. Dille tamén, que ve lle preocupa o persoal de intervención e sae en defensa de todos e no servizo de intervención están traballando mañán e tarde.

O Sr.Alcalde interrompe ao Sr. Pensado e di que por alusións, á pregunta de obras, vaille contestar el e despois lle cede a palabra. Di que comezou a concelleira do BNG dicindo que tiña mil diferencias con TeGa, alcalde ditatorial, e ten claro que é un órgano colexiado e respéctase e hai un procedemento que son as tres chamadas de atención e falan os voceiros e poden solicitar o cambio de maneira normal, de maneira escrita, e non hai ningún tipo de problema, pero non se pode ir a un pleno a querer impoñer o sistema e hai que respectar a lei. Di que para el viron un esperpento, que: “pode ser que se sentira indiscreto, o tono en que o dicía era mais de sarcasmo que de indiscreción, entonces bueno, xa tomamos que se sinta indiscreto o concejal, entonces ten o seu dereito de abandonar a sala sen ningún problema, pero bueno, xusto un minuto despois resulta que se cobra e por asistir a asistencia. Entonces despois ten tres chamadas de atención, non quere respetar o pleno, entonces eu véxome na obriga de botalo fóra. Eu creo que aquí podemos ter maior ou menor grado de estudios, podemos ser moi direfentes, podemos facer críticas constructivas ou críticas simplemente destructivas, eso aguántase todo, pero siempre desde o respeto, eu creo que eso é exigible para todos, entre nos primeiro para poder esixirlle ao público, non, porque despois sempre dicimos e que o público fala. No, no, nos temos que predicar co ejemplo, desde o respeto, aquí cada un, eu creo que non lle interrumpín en ningunha das súas intervencións e creo que se pode falar con total normalidad. Se se respeta estase na sala, senón non se vale para estar aquí. Eu creo que é unha cousa moi clara, primeiro está a educación e despois o resto”. Respecto ao que falaba a concelleira do BNG da conta xeral, di que é preocupante e resulta que non hai infinidade de funcionarios e resulta que había case 2.500.000 € sen pagar, con acredores dende o 2013, 2014, 2015 e 2016 e pagouse absolutamente todo no tempo que estivo el ausente e cre que é: “un gran ejemplo de traballo, quizás anteriormente un gran ejemplo de deixación de funcións, desconozco, pero ahora é un gran traballo de intervención. Entonces eu tamén observei ese decreto de 600 €, entendo que o teniente alcalde considerou que había que retribuir ao servizo de intervención, entonces así o fixo, entendo que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

dentro da lexislación e se non é dentro da lexislación, por favor, usted indíqueo que seguiremos os trámites". Respecto ao resto de preguntas di que non llas vai responder todas porque as presentou no mesmo día e necesita, como sabe, presentar cunha antelación de 24 horas, para que se respondan no pleno, pero as que non se respondan por el ou o seu compañeiro serán respondidas no seguinte pleno. No relativo á animadora cultura, di que lle gustaría que o respondera Juan, que é o concelleiro de Cultura e falará con el para que nos vindeiros días, que ten unha desgraza familiar. En relación á conta xeral di que o motivo foi que se lle estiveron pagando a todos os acreedores do Concello, que el considera tamén primordial e hai en tesourería 4.600.000 € e tiñan a xente sen cobrar e tamén se critica o non haber o orzamento e resulta que eles en cinco meses, non seis, mentres outros que estiveron vinte sete meses tampouco elaboraron o orzamento e prorrogaron un orzamento realizado por, teoricamente, segundo dicían, o peor xestor da historia de Coristanco, polo que non deberían ser tan malos xestores. No relativo á contratación do técnico de normalización lingüística di que tamén lle gustaría que lle respondera o concelleiro de cultura. No relacionado coas obras que comentou a concelleira do BNG, di que xa no seu momento a pregunta foi para Amancio e comparte a súa opinión e expresa que os criterios á hora de escoller as obras de licitación pendentes vai ser, por intelixencia, un criterio cronolóxico e o procedemento será o que marque a lexislación, o mais transparente e se podan presentar todas as empresas. Prosegue dicindo: "Impulsarase todas estas obras desde logo por parte da alcaldía, no que eu podo impulsalas que é cunha providencia, despois o resto teñen que facelo os funcionarios, que por eso, por outra parte, é a súa función. Os alcaldes sabe vostede que non licitamos, nin contratamos nin absolutamente nada porque resulta que non temos nin que saber ler nin escribir, porque non hai ningunha normativa que eso o aplique ao alcalde, para eso están os funcionarios, que neste ayuntamiento temos cincuenta e pico funcionarios e que nos va a axudar a seguir estas pautas". No referido á renovación dos consellos escolares expresa: "vólvolle dicir que eu tamén me chamou poderosamente a atención a documentación que aparece neste expediente, que aquí solicita o teniente alcalde o día 15 deste mes, no mes de xaneiro, designar os representantes dos órganos colexiados que se incorporen neste pleno que temos hoxe, despois hai unha contestación, entonces mirarei por que se contesto e por que se fai por esta vía, que tereino que falar co compañeiro a ver que é o que sucediu e darlle o cumprimento ao seu rogo porque non pode ser que esteamos mal nomeados e sobre todo nun organismo tan importante coma os consellos escolares. Entonces ahora cédolle a palabra ó meu compañeiro Antonio para que diga ou que acabe de puntualizar os temas que lle quedaron por alusións na súa resposta".

O Sr. Pensado dille á concelleira do BNG que en canto ao consello escolar toda a razón, respecto ao orzamento recorda que tiñan un compromiso para xuntarse a traballar no orzamento e ela ofreceuse a que ía colaborar. No relativo á conta xeral anuncia que a ese día tiña que estar a conta redactada e están ultimando os detalles, xa que da información que lle deu a interventora pensa que non vai se mais dunha semana que se terá no pleno para aprobar coa maior urxencia, xa que a partir do día 16 hai subvencións, da Xunta de Galicia, como medio rural, que hai que comezar a dar resposta, aínda que dan marxes, pero hai que poñer as pilas e sacar esa conta xeral. No relativo ao retraso di que hai que pensar que Coristanco saíu nunha nota do Ministerio de Administracións Públicas, que facía moito tempo que non se mandaban os resumos trimestrais e o día anterior, pode dar fe, que se presentou todo o que o Ministerio estaba pedindo, o que non se fixo en tanto tempo, por iso o persoal estivo centrado en pagar, coma ben o contaba o Alcalde, xa que as empresas teñen o diñeiro e fixeron un gran esforzo e agora está rematando esa conta xeral e comezarase a traballar na redacción do orzamento do 2018. Sobre as escolas manifesta que recibiu de Oca e da Rabadeira e dille á concelleira do BNG que ela soltou iso

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

porque é moi fácil, e recibiu ás nais, aos nenos e aos profesores e el non sabe o que eles fixeron, pero el nunha semana ten o proxecto, recollendo todas as iniciativas, cas súas partidas orzamentarias e lle agradece que lle recordara cal é o trámite administrativo para adxudicar e o compromiso que asumiu foi recibilas e presentar en seis días o deseño coas ideas que elas apuntaban, cos orzamentos, e a partir dese momento todos van comezar a traballar para dotalas de partidas orzamentarias no menor tempo posible levar esas obras a cabo e dille que se comprometeu que mentres estivese na corporación non ían permitir que ningunhas nai nin nenos tiveran que comprar materiais para as escolas, que para iso estaba o concello e lle entregaron as facturacións de material para dotar aos colexios dos servizos mais básicos, ante a negativa do concello de Coristanco e lle buscará unha solución para aboarlles todos eses importas que pais e profesores tiveron que pagar para a atención das escolas. Manifesta que a concelleira do BNG non estaba no goberno naquel momento, xa que cree recordar que as facturas eran de 2017. Conclúe a súa intervención dicindo que se teñen que pagar mais facturas os profesores e nenos das escolas el non estará mais tempo sentado alí e seguirán traballando e os compromisos que asumiron o levarán a cabo e entra a parte da aprobación e partida orzamentaria, etc. e o importante é darlle resposta a ese tema. Lle agradece a pronta recuperación de Abrahan e estaba centrado na conta xeral e logo ten un compromiso cos voceiros de comezar a traballar nos orzamentos.

O Sr. Alcalde dille que por suposto.

A concelleira do BNG di que había u proxecto presentado no PAS e pregunta se ese proxecto se vai modificar.

O Sr. Pensado resposta que se quere ao día seguinte lle da unha copia, que basicamente se trata de acondicionamento e seguridade nos parques. Di que chegou a unha escola por primeira e por primeira vez no Concello se atopou coas fiestras cun tornillo e se hai un incendio non poden os profesores e alumnos saír da escola.

A concelleira do BNG insiste que na escola da Rabadeira había un proxecto presentado e simplemente o que faltaba era o permiso de Patrimonio e non sabe se despois se chegou a pedir ou se está e se se vai a modificar despois ten que volver a pleno. Di que o tema das facturas o soubo pola prensa e non ten nada que obxectar.

Continua o Sr. Pensado que se lle parece ben ao día seguinte lle saca unha copia de Oca e da Rabadeira e despois e hai que buscar unha solución búscase.

A concelleira do BNG di que respecto á lexislación dos pleno que falaba o Alcalde, puntualiza que a lexislación marca uns mínimos e coma mínimo os plenos teñen que ser cada dous meses, o cal non quere dicir que non poidan ser cada un. E lle di que xa que fala de lexislación supón que saberá que a lexislación tamén di que non se poden fraccionar contratos non se poden facer designacións a dedos e estanse facendo. Respecto ao servizo de intervención, manifesta: eu en ningún momento dixen que a produtividade era para o servizo de intervención, saíron vostede dicindo e se o merecen ben dado está, a mi o que me sorprende é que se lle dea a uns departamentos si e outros non, cando hai, cre que outros departamentos, por poñer algún exemplo, bueno o persoal que traballa en augas que están, algunhas veces case 24 horas dispoñibles para poder arreglar as, bueno averías ou cando hai algún problema. A ver hai traballadores que eu creo que ao mellor tamén as merecían, entón por eso digo que criterio se

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

sigue. Xa digo a min sorpréndeme, eu con intervención ningún problema, nunca tuven tampouco ningún problema. Bueno podemos ter discrepancias, pero digamos tampouco mais problemas que eses. É mais, o agora alcalde nalgún momento, que aparte saíu en moitos medios, referíndose ao persoal de intervención dixo "se a xente non vale para traballar hai que botala para casa", entón tamén sorpréndeme se esa xente antes, segundo o propio alcalde, bueno, non valía para traballar case case a había que botar, sorpréndeme que agora de repente traballe tanto que ata haxa que pagar produtividades, non, por eso o digo. E despois, tamén entrecomillo, acaba de dicir os alcaldes, bueno, non teñen que facer nada nin sequera teñen que ler e escribir entón dígame en concepto de que está vostede cobrando unha dedicación exclusiva, porque como concelleira o que lle sobraba era traballo, para quen queira traballar, tanto de alcalde como de concelleiro, o traballo sobra, sobra. E por último, facían vostede referencia a que eu tamén formei parte do anterior goberno, e, desde logo tampouco teño que escondelo porque é así, o alcalde que esta agora tamén formou parte do goberno, estivo un ano, bueno, como concelleiro de urbanismo, algunha responsabilidade tamén terá, digo eu, algunha. Eu recórdolle que saín do goberno en febreiro de 2017 e, bueno, polas razóns xa coñecidas e discrepancias xa coñecidas, preferín ser coherente cos meus principios, deixar a dedicación exclusiva, que por certo, ven moi ben a final de mes, estar sen ela nótase. Outra xente, sen embargo, preferiu cambiar de chaqueta e hoxe está aí sentado. Nada mais".

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Pensado que espere un momento que vai contestar el unha serie de preguntas. Dille á concelleira do BNG que está descontextualizando porque el en ningún momento dixo que un alcalde non ten que facer nada, un alcalde non ten que estar escribindo papeis, porque os alcaldes non se adican a escribir, se adican a buscar os problemas dos veciños e a solucionalos, para iso teñen os funcionarios, xa que cre que en ningún momento haxa que ter acreditada nin a titulación de dereito para entender cales son os procedementos a seguir, nin a titulación de económicas para saber, pero se hai alcaldes que teñen esas titulacións e fan todo non sabe por que se gasta do orzamento municipal un millón e medio de euros en salarios, porque x ao alcalde podería facer todo. Di que o alcalde ten moitísimo traballo, sempre sobra, pero o seu traballo non é escribir e que iso non o di el, senón a lexislación. Expresa que a súa dinámica vai no mesmo, se a xente non vale para traballar ten que ir para a casa, en todos os departamentos, entón nos departamentos en que haxa atasco buscarase cal é o motivo e intentarase solucionar e se non se pode solucionar pode que sexa un problema do traballador ou pode ser de que sexa un problema de que non hai traballadores suficientes, entón haberá que reforzar áreas e modificar e cre q a interventora é nova e cando fixo esa afirmación descoñece se estaba a nova interventora. Di que si que estivo de concelleiro de urbanismo con moita responsabilidade e a culpa, en gran parte foi del, porque como saberán non tiña ningunha atribución e tamén lle pasaba ao BNG na súa área, xa que dependía todo do Alcalde e non tiña capacidades e lle di que lle pasou a ela coa súa área, porque se tivera independencia total do alcalde dubida que marchara, porque podería seguir traballando na súa área. Acerca das designacións a dedo, manifesta que o tempo que estivo el non houbo ningunha. No relativo a cambia chaquetas, di que o Tribunal Constitucional agora xa non lle chama a iso cambia chaquetas porque dende o 21 de decembro todas as mocións de censura están permitidas, incluso con concelleiros do propio equipo de goberno do alcalde. Di que prima o valor da Constitución no art. 23.1, que di que predomina o carácter individual sobre o dos partidos, que os partidos non teñen que decidir, xa que a xente elixe á persoa e non ao partido. Cédelle a palabra a Antonio para que faga a aclaración do departamento de augas.

O Sr. Pensado pregúntalle á concelleira do BNG se sae en defensa de algún traballador de augas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

A concelleira do BNG di que fala en xeral, non está personalizando en ninguén, que fala do departamento de augas porque sabe que hai moitas roturas habitualmente.

O Sr. Pensado di "estou moi preocupado e non tiven tempo para trasladarlle o que vou decir ao Alcalde. Vamos a ver, aquí o tema da agua, eu non estou de acuerdo co tema de agua, os veciños de Coristanco este fin de semana volveron a estar. Hai unha rotura ás cinco da mañá e empezouse a traballar ás nove da mañá, se se empeza ás cinco da mañá, cando hai a avería, ás oito e media da mañá todo o mundo tiña agua, e das cinco ás nove da mañá todo o mundo tranquilo e a xente que vive das cafeterías, vive cada un do seu. Eso o concello é a primeira obrigación de correxir no tempo, o que non se pode é unha tubería general ás cinco da mañá e empezar ás nove da mañán. Non estou para culpalo eu, estou analizando a situación en verdad, por eso os veciños están cabreados e con moita razón, eso non vai a poder pasar. Había personas que estaban cobrando unhas cantidades muy muy altas, que non as podo dicir aquí, a lei de protección de datos, eu mismo o puixen a altura dos demais traballadores e son dos que cando hai que traballar hai que pagar. Estou de acuerdo con usted, pero si un está asignado a un servicio, se a agua falla ás tres da mañá, ás tres da mañá hai que estar alí, non se pode estar na casa durmindo e a xente sin agua, eso vaise acabar e desde logo é algo que eu estaba gestionando e llo estou transmitindo ó novo alcalde. Temos que facer unha nova reestructuración do persoal de aguas, de acordo coa legislación, pero eso ten que funcionar, porque senón teremos que marchar nós de aquí, ou funciona ou non funciona, o que non podemos estar na casa nós e os veciños sen agua".

Intervén a Sra. Rodríguez para recordar que a pasada fin de semana, o domingo pola mañá concretamente, había dúas empresas externas na obra.

O Sr. Pensado replícalle que iso é porque a obra estaba nunha carreteira xeral.

Replícalle a Sra. Facal que pasou por alí, xa sabe onde estaba, por iso sabe que había dúas.

O Sr. Pensado di que había unha empresa sola.

Insiste a Sra. Rodríguez que non quere dar nomes.

O Sr. Pensado di que vai a explicar porque el estivo alí, e había unha empresa cun camión, porque non é sacar o barro e deixalo na carreteira porque hai que manter a seguridade vial e hai que cargar ese material e levalo a unha zona cun camión e [redacted] era o que estaba traballando e dous traballadores que estaban de vacacións e os chamaron, xunto co responsable da auga. Di que non está de acordo con esa forma de traballar e tampouco como se está levando a cabo os recibos da auga. Expresa que tiña pensado as lecturas de tódolos contadores dos últimos recibos que están recibindo os veciños de Coristanco, as veces por duplicado e lle da a impresión de que como se sentaran nunha oficiña e dixeran que hai que recadar un millón de euros e se reparten, porque a doce persoas que estiveron con el non lles cadra os recibos cos contadores e algo pasa e quen falla son eles. Di que hai que facer xustiza e auga actualizala e cobrala como cobran en todos os lados, cada dous ou tres meses e cada veciño ten que pagar a auga que pasa polo contador, que o que non se pode é facer recibos. Se direi ao Alcalde para dicirlle que hai que buscar a mellor solución e que non é ir contra ninguén, pero o primeiro é garantir

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

un servizo e as reparacións e logo hai unha preocupación porque se están pagando cantidades que non teñen que pagar e logo estudar a proposta dos técnicos responsables.

O Sr. Alcalde dille que se estudará o caso.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 15 minutos do día 31.01.2018, do que como Secretaria dou fe e certifico, asinando este documento dixitalmente, e dando o visto bo o Alcalde, Abrahan Gerpe Muñiz.
Gerpe Muñiz

FIRMADO POR María del Carmen Seoane Bouzas (FECHA: 12/02/2018) Versión imprimible